

He mirat aquesta terra: algúns motivos comúns na poesía de Salvador Espriu e Manuel María

XESÚS GONZÁLEZ GÓMEZ

O tema da miña intervención hoxe vai tratar das relacións entre a poesía de Manuel María e a de Salvador Espriu. Non sei exactamente en que data o poeta chairego comeza a coñecer poesía catalá, en xeral, mais supoño que foi a partir do Congreso de Poesía que se celebrou en Santiago en xullo de 1954. Congreso en que por parte catalá participaron: Clementina Arderiu, Carles Riba, Antoni Vilanova, Maurici Serrahima, Joan Perucho, Antoni Comas, Ricard Permanyer, Josep Galí e Joan Fuster. Por parte galega, entre outros, Manuel María. Para saber deste congreso, recomendo *Dos quaderns inédits*, de Joan Fuster, publicado no 2004. Fuster, nestes dous cadernos, correspondentes a 1954, que non foron recollidos cando deu á imprenta o primeiro volume do seu *Diari*, entrega un pormenorizado informe sobre o tal Congreso. Congreso que, en catro palabras, di “ha estat una estafada” (Fuster 2004: 139). Mais adiante continúa: “Fou amb els gallecs amb qui les relacions van ser més fortes i propícies. Hem pogut adonar-nos d’una poesia jove en gallec ben interessant, i de l’existència de tot un moviment cultural de moltes possibilitats. Estan molt lluny encara d’asolir no dic la normalitat, sinó ni tan sols la pista de la normalitat. Però van fent, i ja amb un sentit bastant clar del que és una renaixença nacional...” (Fuster 2004: 142). Por outra parte, para o escritor valenciano, a participación dos cataláns nestes congresos, agás o dese ano de 1954, e precisamente polos contactos con Galicia, nunca foi proveitosa. E engade, “els gallecs, pel seu compte, també havien posat

objeccions al Congrès” (Fuster 2004: 143). Congreso ou congresos, pois xa se celebraran varios, que estaban promocionados pola administración franquista, que naquel momento denegara o permiso para unha revista en catalán e que, por decisión persoal do noso coñecido Juan Aparicio, había meses retiña na censura un número especial da revista *Ínsula* dedicado á literatura galega. Número que sairía... en 1959, en xullo. Ou sexa, cinco anos despois do que estaba previsto.

Fuster dedica bo número de páxinas ao congreso. Foron ás Illas Cíes, e na motora en que ían, José María Castroviejo organizou un recital de poesía marítima. Comeron nunha das illas e á volta, Castroviejo –“ja decididamente embriac”, di Fuster– mandou enfiar mar adentro. “Castroviejo ho fêu amb intenció de miura: ‘Para que se jodan los poetas castellanos’. La mar estaba moguda, però no massa, perquè un cert nombre de congressistes es marejassen horriblement. Hi hagué escenes lamentables. Ory fou una de les primeres víctimes. Vora la ximeneia de l’embarcació, hi érem Riba i la seva muller, Manuel María –un altre gallec a qui, per la seva conversa llaunosa, anomenàvem *El rollo que no cesa*–, el matrimoni Vanderhaven i jo. Riba n’estava entusiasmat: -Aixó és el que m’agrada, a mi” (Fuster 2004: 155). Fala de poetas galegos, como Cuña Novás, Pura Vázquez e outros cuxo nome non aprendeu, nin ganas, matiza. De Manuel María torna a falar. Polo seu interese, reproducimos todo canto di baixo o epígrafe de Política: “El día que es clausurà el Congrès, tornant Vilanova i jo cap a la Residència, ens trobàrem Carmen Conde, que també hi anava. Mentre marxàvem junts, aquesta bona senyora ens explicà la seva irritació perquè un poeta gallec havia dit, davant d’ella: –*Mi patria termina donde termina mi lengua*. Em sembla que el de la frase era Manuel María. Carmen Conde s’escribassava: –*Eso es impolítico; una ofensa para los demás, una estupidez enorme; etc.* Jo li vaig dir: –*Mira, no te preocupes. Eso es, poco más o menos, lo que decía Unamuno. –¿Qué? –“La lengua es la sangre de mi alma./ Mi patria es allí donde ella suena”. O algo por el estilo.* La poetessa castellana quedà desconcertada. Aleshores va respondre’m: –*Bueno, eso lo podía decir Unamuno porque hablaba en castellano. Pero, chico, si los gallegos piensan igual, se van a quedar con una patria muy pequeñita.* Lamentem-ho pels gallecs” (Fuster 2004: 162-163), remata Fuster.

Mais deixemos de momento a Joan Fuster e o devandito congreso. Penso que foi a partir deste Congreso que Manuel María, e outros poetas galegos, se interesaron un pouco máis pola literatura catalá, e súa poesía en xeral. Naquel tempo, o gran poeta catalán, ou tal considerado, era Carles Riba, que tamén oficiaba un pouco de patriarca. Riba asistiu ao Congreso e, como se sabe, entregoulle a Xosé María Álvarez Blázquez un poema escrito directamente en galego. Poema que era, sóbouse anos despois da súa morte, unha pequena mostra dos que escribira no noso idioma alá por 1910, na súa mocidade (Alonso 1993). Mais se ben, politicamente, a postura de Riba –cómpre non esquecer que nos anos da República estaba próximo a un fascismo máis ou menos catalanista que, precisamente, Espriu denunciou en diversos relatos (Delor 1993:323-235)– podía atraer algúns escritores galegos dos anos 50, no sentido de

gañar todos os terreos que se poideran, mesmo pactando un pouco co inimigo, non foi tal postura maioritaria. Para Riba a cultura catalá normalizárase cando tivese órganos de expresión. Era o que se deu en chamar no noso país un “culturalista”. Poeticamente, a influencia de Riba, ou o interese que podía despertar nos poetas galegos, era nula. Para explicar polo miúdo tal aserción habería que historizar, paralelamente, o desenvolvemento da poesías catalá e galega no século XX, e evidentemente, nin estou capacitado nin tal cousa nos trouxo aquí. Digamos, simplemente, que a tradición de Riba se instala na xinea que vai de Mallarmé a Valéry, aínda cando o poeta catalán demostre cara ao final da súa vida outros intereses, como Hölderlin ou Kavafis, aos que verte á súa lingua. Intereses que, unidos ao seu poemario *Salvatge cor*, demostran un cambio lírico, e non só lírico, senón tamén, porque non dicilo así, político, no poeta, que na poesía catalá do século XX, segundo Giuseppe Grilli, substitúe a experiencia de grupo “per la recerca angoixosament individual” (Grilli 1983: 185).

Non podo afirmar que Manuel María comezase a se interesar nese momento pola poesía catalá contemporánea. Hai que ter en conta que as relacións culturais e políticas entre Galiza e Cataluña, e non só durante o franquismo, nunca foron moi fluídas. En verdade, o único que se pode dar por seguro é que é a partir do primeiro recital de Raimon en Galiza, en Santiago de Compostela, no Estadio da Residencia o 9 de maio de 1967, presentado precisamente polo noso poeta (Gómez 2001: 120), cando o coñecemento da poesía catalá, ou cando menos do naquel momento do seu poeta emblemático, Salvador Espriu, é perceptíbel, como demostra o seu o traballo, “Raimon, poeta do noso tempo” (Manuel María 1967: 463-478). Neste traballo, no apartado “Raimon intérprete de Espriu”, escribe: “Raimon dános unha nova dimensión do seu arte co seu disco: ‘Cançons de la roda del temps’ sobre textos de Salvador Espriu. Os poemas de Espriu pertencen ó libro *El caminant i el mur*. Os poemas espriuans, que canta Raimon, forman un circo pecho sobre si mesmo. O tema é o tempo i a morte. Trátase dunha poesía severa, nada musical no senso tradicional e dunha gran perfeición conceitual e formal. O mesmo Raimon ten dito que a obra poética de Salvador Espriu é unha das máis intresantes que, nistes intres, se están a escribir en Europa, opinión que compartimos de cheo. Non imos agora tratar de espricar”, continúa Manuel María “a riquísima e solprendente personalidade de Salvador Espriu” (Manuel María 1967: 475). A admiración por Espriu a foi constante no noso poeta.

Pouco despois da aparición do traballo sobre Raimon, que aparecera a finais de 1967, Manuel María viaxou a Barcelona en marzo de 1968 (Gómez 2001: 124), onde foi gravar un disco de poemas recitados coa súa voz. A pesar de que Camilo Gómez Torres non di nada no seu magno traballo (Gómez 2001), achamos que aproveitou a oportunidade para coñecer a Salvador Espriu. Dende aquela, até a morte do poeta catalán, seica o poeta galego estivo en contacto epistolar con el, e cando visitaba Barcelona ía velo ao seu despacho do Paseo de Gràcia. Infelizmente, pouco antes de morrer, Salvador Espriu queimou todas as cartas que lle enviaran, polo que nunca poderemos saber que lle contaba o noso poeta ao catalán nas súas misivas. As cartas de

Espriu a Manuel María deben estar en posesión da viúva, e o día en que se publiquen poderase intuír as novas e os comentarios que lle enviaba o poeta galego.

Polo que se dixo até agora, pódese afirmar que Manuel María coñece a poesía de Salvador Espriu pouco antes de 1967, senón no mesmo 1967. Ora, o Espriu que se coñece naqueles anos fóra de Cataluña –o Espriu que le Manuel María, ben que xa publicara en 1963 xa a súa *Obra poética*, cun interesante prólogo de Joan Fuster– non é o Espriu total, ou, por dicilo doutra maneira, o Espriu real. É un Espriu en certo modo tronzado e, xa que logo, parcial. E non me refero só a que naqueles anos, nos 60, o Espriu popular, o Espriu coñecido en Cataluña, e moito máis fóra, é, agás os circuítos máis ou menos cultos, o autor de *La pell de brau* e dunha serie de poemas soltos recollidos nas diversas edicións de *Les Cançons d’Ariadna*. Iso como poeta. Como narrador e como autor teatral, daquela publicara tres obras teatrais case que nunca representadas, é un perfecto descoñecido, aínda que unha delas, *Primera història d’Esther* pode ser considerada como a mellor obra do teatro catalán do século XX. Só poetas-críticos como os irmáns Gabriel Ferrater (Ferrater 1979: 131) e Joan Ferraté (Ferraté 1968: 77), que non gostan moito da poesía de Espriu, reivindicano como narrador e como autor dramático. Os seus seguidores poéticos, os seus “enxalzadores”, adoitan esquecer esta faciana do poeta de Arenys, tan importante, ou máis, que a súa poesía. Como home máis ou menos público, é dicir, como figura senlleira dunha literatura perseguida e minorizada, xoga un papel ideolóxico e político en certo modo en contra da súa maneira de pensar.

Non hai que esquecerlo, Salvador Espriu comezou a escribir en español. Cando non tiña 15 anos publica o seu primeiro libro, en español, *Israel (Esbozos bíblicos)*. Cedo pasou ao catalán e publica, primeiramente, en prosa, antes do 1936, e se se inicia como poeta en 1934, os seus primeiros poemas seus só verían lume anos máis tarde. Cando publicou os primeiros libros, nos anos 30, os catalanistas de “debó” criticárono por non ser europeo. A el, que entendera tanto a lectura moderna, interrogativa e angustiada do mito e da traxedia gregos como o tráfico das vangardas; que frecuentaba unha bibliografía que era a que engaiolaba aos mestres europeos do momento e que en Cataluña, entre literatos, era practicamente inaudita; que apreixara o absurdo como síntoma e expresión da cultura do seu tempo e que, por exemplo, en política apostaba con claridade polo apoio á República e pola vindicación dos xudeus, que os nazis comezaran a perseguir. Claro que Espriu non producía dixestíbeis noveliñas de interior burgués. Os mestres cataláns apostaban por novelas de segunda fila, por aquelas que escriben os que, simplemente, se queren facer ler. Domenec Guansé, un dos seus primeiros críticos, diría anos despois: “Tothom podia adonarse que el seu accent dintre de la literatura catalana del moment era distint, però no desconegut. Hom s’imaginava que Gabriel Miró, Valle-Inclán eren els seus mestres. *Miratge a Citea*, que vingué després, pura prosa perfecta, somrient, irònica, afirma la personalitat de l’autor, i encara el fa semblar més llunyà. Produeix l’efecte dun llibre traduït, sense cap inflexió estrangera en el llenguatge. *Què és el que el separa*

tant de la literatura catalana? Orgull? Esecpticisme? Indiferència? ” (Sòria 2005: 209). Porque escribía en catalán, pensaban que eran dos seus (e ironía amarga da historia: acabou converténdose no símbolo deles). En 1934, publica o *Aspectes* e en 1935 *Letizia i altres prosas*, onde un relato, “El país moribund” é unha durísima crítica ao estatus catalán do momento. Cando o louvaban, non o entendían. De novo, xa sabía por onde ía. Era amigo de Llorenç Villalonga e de Rosselló-Porcel, non de Foix nin de Riba.

A guerra afundiuno todo. Comeza un novo Espriu, en certa maneira (aínda que sempre se mantivo afastado do catalanismo bempensante). O berro e o medo sarcástico da súa poesía posterior é outra cousa, unha cousa solitaria e concentradamente desesperada, até o momento en que se decide, por fin!, a representar a catalanidade. A súa poesía, en certa maneira, morre, estrangúlaa no acto de servizo (mais só en parte, e xa é hora de deixar de esaxerar o peso dentro da súa obra). Paradoxos e emblemas: un escritor inquietante que aspiraba a ser bruxo¹ e acaba facendo de dignísima marioneta, mais el xa o sabía.

Nos anos 60, despois da publicación de *La Pell de brau* en 1962, Salvador Espriu convértese no símbolo da catalanidade, mesmo do nacionalismo catalán, cando el non era nacionalista e sempre desprezara o catalanismo oficial. Unha anécdota. Cando lle foi concedido o Premi d’Honor de les Lletres Catalanes en 1972, galardón outorgado polo Ómnium Cultural, acepta o premio mais renuncia aos cartos (medio millón de pesetas de 1972). Por que non quere os cartos? Para non ser manipulado polos Carulla (dono de Gallina Blanca), polos Cendrós (da Editorial Proa e fundador de Banca Catalana), polos Millet (gran empresario que escribía en *La Vanguardia* artigos advertindo dos perigos do socialismo), etc., quen logo de outorgar o galardón facían servir de marioneta ao premiado.

Pois ben, nun primeiro momento, a recepción que ten Manuel María de Salvador Espriu é a do poeta “símbolo” dunha nación oprimida, símbolo do catalanismo. A dun poeta social, cívico no sentido restrinxido, comprometido. Unha poesía, en certo modo, á que o poeta chairego está a cultivar desde hai uns anos, aínda que por mor das condicións políticas e editoriais do país, os libros aparezan con posterioridade. Mais nada máis lonxe da realidade que considerar a Espriu un poeta “social”. A poesía de Espriu, a maior parte da súa obra poética, como ben escribiu Castellet no seu día, “no es sólo una meditación de la muerte, como califica el autor a toda su obra, sino un primer planteamiento elegíaco, del gran tema espriano: la tensión dialéctica entre la vida y la muerte, entre una vida muy concreta y una muerte que es antes liberación y superación que destrucción de la materia y del espíritu del hombre” (Castellet 1971: 47). Unha poesía que goza de tres dimensións: satírica, civil—cun gran peso

¹ A súa sátira, feroz, da cultura catalá e do mestre do tempo republicano, Carles Riba, que aparece baixo o nome de “mestre Crisant” en varios relatos de *Ariadna al laberint grotesc* (Delor 1993: 287-295), e tamén da política catalá “oficial”, cfr. “Octubre de 1934: “Dansa grotesca de la mort” (Delor 1993: 186-194).

moral– e lírica. Unha poesía que os críticos adoitan dividir en dous: unha experiencia individual onde é constante a presenza esencial da morte e a meditación do seu entorno, a desfeita colectiva acontecida a consecuencia da guerra civil, a baixada aos infernos, a dialéctica entre iniciación e extinción, a conciencia ineludíbel da propia finitude. Unha poesía, onde a presenza de libros bíblicos (o *Eclesiastés* e o *Libro de Xob*, maiormente), dos mitos exipcios, da cábala, da epopea e dos tráxicos gregos, e da poesía latina é constante, sen esquecer a poesía española, xa que Salvador Espriu é o poeta catalán do século XX máis influído pola poesía española, influencia da que nunca renegou²; e unha poesía que nace da meditación do propio entorno e vai dar a unha meditación a propósito da experiencia colectiva, que se inicia co duro e á vez esperanzado “Assaig de càntic en el temple”, incluído na terceira parte de *El caminant i el mur* (1954) que en certa maneira prefigura os temas e as maneiras discursivas de *La pell de brau* (1960). Contodo, en todos os libros aparecidos antes de 1960, así como nas súas obras teatrais *Antigona* e *Primera História d’Esther*, sempre están presentes a meditación sobre a guerra *fratricida* e a preocupación polos destinos do seu país, das súas xentes e a súa lingua.

La pell de brau foi o libro que fixo de Espriu un poeta coñecido fóra de círculos restritos. Deixando de lado, de momento, connotacións máis ou menos idelóxicas, supón un cambio de agullas na súa poesía. Con este libro –e con algúns poemas que logo inclúe en *Les cançons d’Ariadna* e *Per la bona gent*– vira cara a unha poesía “objetiva en la que cada palabra es comprensible, porque se encierra en su significado inmediato, pero, por lo mismo, se agota en él, y de la que están ausentes las obsesiones y las ambigüedades habituales del poeta” (Castellet 1971: 79). Mais tamén é, en certa maneira, un libro mal lido por aqueles que non coñecen moito a poesía de Espriu, ou se poñen anteolleiras ideolóxicas antes de comezar a ler un poeta. Joan Fuster, no prólogo á *Obra poética* de 1963, prólogo recollido en *Contra el modernisme*, dá algunhas das claves para a súa “recta comprensión”, parafraseando a Espriu: “(...) en *La pell de brau* el poeta es mira els problemes col·lectius de la seva preocupació: des d’un angle espanyol” (Fuster 1977: 112), co que, evidentemente, como subliña o valenciano, non se inscribe dentro da tradición da poesía política catalá. O seu antecedente podería ser Joan Maragall, mais “Maragall acabava amb un ‘Adeu, Espanya!’ decebut, un comiat, en efecte. Espriu sembla començar amb un ‘Bon dia, Espanya!’ esperançat dins la tragèdia: una salutació” (Fuster 1977: 104). Non que o poeta fose un españolista, mais non entendía Cataluña sen España³. Nun poema posterior a *La pell de brau*, “Potser cuinat amb un eco de Valle-Inclán”, datado o 14 de

² Mais non hai que confundir as cousas: se as lecturas de Espriu son “alleas”, mesmo se o seu sistema de referencias é alleo, os seus modelos e proxectos son integramente cataláns, case se poderían dicir locais.

³ Se ben *La pell de brau* colocouno no pedestal de poeta nacional, a verdade é que o propio Espriu non sen sentiu nin escoitado nin entendido. Véxase OLÍVIA GASSOL, *La “Pell de brau” de Salvador Espriu o el mite de la salvació*, Barcelona, Publicacions de l’Abadia de Montserrat, 2003. Outro efecto do libro, non menos importante, é a sombra e a distorsión que esta herméutica nacional e cívica provocou na súa obra.

marzo de 1966, di: “Qui collia la castanya/ deixaba als altres la migranya./ La lluna, la gran pruna/ es va endolar,/ mentres reien carotas/ de carnaval./ Tots penjaven d’una canya/ aquest trist ninot, Espanya” (Espriu 1973: 105-106). Versos ambigüos, talvez para facerse perdoar o libro polo cal era máis coñecido e que desatou críticas radicais, como a dun crítico tan intelixente como Joan Ferraté (Ferraté 1988: 72), que o consideraba literariamente “deshonesto” polo mero feito de reflexionar sobre España e a península enteira. Mais, talvez, a resposta aos seus críticos “nacionalistas” cataláns, ou particularistas, estea no poema XXIV de *Llibre de Sinera* (Espriu 1973: 399-400) –libro aparecido inmediatamente posterior a *La pell de brau*, 1963–, cuxa estrutura se inspira nas cantigas de amigo galego-portuguesas. O argumento do poema non pode ser máis sinxelo nin a capacidade de conmover máis eficaz: o camiñante contempla o espectáculo da tempestade sobre o territorio da súa vida e da súa tribo con mirada homérica, e os símbolos e imaxes son os usados sempre por Espriu mais esta vez, por exemplo, a chuva, no canto de ser premonitoria da morte é, por unha vez, algo diferente: trae consigo o cheiro da infancia:

*Quan la llum pujada des del fons del mar
a llevant comença just a tremolar,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra.*

*Quan per la muntanya que tanca el ponent
el falcó s’enduia la claror del cel,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra.*

*Mentre belixa l’aire malalt de la nit
i boques de fosca fressen els camins,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra,*

*Quan la pluja porta l’olor de la pols
de les fulles aspres dels llunyans alocs
he mirat aquesta terra
he mirat aquesta terra.*

*Quan el vent es parla en la solitud
dels meus morts que riuen d’estar sempre junts,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra.*

*Mentre m’envelleixo en el llarg esforç
de passar la rella damunt els records,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra.*

*Quan l’estiu ajaça per tot l’adormit
camp l’ample silenci que estenen els grills,
he mirat aquesta terra,
he mirat aquesta terra*

*Mentre comprenien savits dits de cec
 com l'hivern despulla la son dels sarments
 he mirat aquesta terra
 he mirat aquesta terra.
 Quan la desbocada força del cavalls
 de l'aiguat de sobte baixa pels rials,
 he mirat aquesta terra,
 he mirat aquesta terra.*

Como é posíbel, pois, que un poeta que reflexiona sobre España, sobre a guerra civil, sen agresividade, poida ser reivindicado, reclamado, por poetas que se din nacionalistas? Por que Manuel María considera Espriu un dos grandes poetas do seu tempo? Existiu un malentendido? Acho que non. Manuel María entendeu en Espriu o poeta diferente, preocupado, como el, tanto polo territorio nativo, onde se desenvolveu a súa infancia. Un Arenys (Sinera); o outro a Terra Chá. Neses lugares desenvólvense moitos dos seus poemas. E en ambos, en Espriu sempre e en Manuel María os primeiros anos, eses territorios son un proceso de gulliverización ou liliputación da súa patria realizando, se se quixer a un nivel restrinxido, o axioma hegeliano: o triunfo do universal só se consegue coa dor do particular.

Mais hai máis temas comúns nos dous poetas, tan diferentes, repetimos: a relixiosidade do agnóstico, a preocupación pola lingua e pola supervivencia da patria; a sátira grotesca, ou sátira dun mundo grotesco, absurdo en Espriu; máis “política”, máis de “costumes” en Manuel María.

Non temos tempo para falar polo miúdo destes temas. Mais vexamos uns pequenos exemplos.

A relixiosidade. Non que un e outro sexan poetas relixiosos, malia o que algún crítico dixo de *Libro de Pregos*, en que o nome de Deus é invocado a cada poema. En Espriu, a presenza de Deus é constante, máis é difícil compartir o que di Arnau Pons: “D’entrada s’ha d’assumir que Espriu é un poeta cristià de cap a peus, que creu firmement en un Déu ‘tripersonal’” (Torner 2005: 149). Penso que ambos poetas son agnósticos, e o agnosticismo quizais sexa a verdadeira procura de Deus, fundada na dúbida e a insignificancia humana, diante do fracaso da relixión convencional, que non pode atinxir a Deus. Lembremos os versos de Manuel María: “¡Este sentirse de Deus / sen atopar a Deus...!” (Manuel María 2001: 193). Esta procura de Deus ou esta crenza en Deus, explicounas moi ben no seu día Max Horkheimer. Son outra cousa que a procura dun consolo, dunha salvación. Escribe o pensador alemán: “Si tuviese que explicar porque Kant perseveró en la creencia en Dios, no encontraría mejor referencia que un pasaje de Victor Hugo. Lo citaré tal como me ha quedado grabado en la memoria: una mujer anciana cruza una calle, ha educado hijos y cosechado ingratitud, ha trabajado y viven en la miseria, ha amado y se ha quedado sola. Pero su corazón está lejos de cualquier odio y presta ayuda cuando puede hacerlo. Alguien la ve seguir su camino y exclama: ‘ça doit avoir un lendemain’, esto debe tener un

mañana. Porque no eran capaces de pensar que la injusticia que domina la historia fuese definitiva, Voltaire y Kant exigieron un Dios, y no para sí mismos” (Horkheimer 1973: 212). Pódense cambiar tranquilamente os nomes de Kant e Voltaire polos de Manuel María e Salvador Espriu. E é que en clave relixiosa, en clave poética o absurdo para unha razón integramente humana, enteiramente poética, é que a inxustiza sexa a derradeira palabra.

A preocupación pola lingua, constante nos dous poetas. De forma diferente, exteriorizada tanto nos seus poemas como en manifestacións públicas. Camilo Gómez Torres ten estudado os poemas en que o poeta chairego manifesta a súa preocupación e defensa da lingua galega, a el nos remitimos (Gómez 2005). Fóra de Cataluña, de Espriu son famosos os versos “hem viscut per salvar-vos els mots/ per retornar-vos el nom de cada cosa”, de “Inici de càntic en el Temple” (Espriu 1973: 117), poema musicado por Raimon. En moitos dos seus poemas, en case todos os seus libros, mesmo nos narrativos, aparece, de forma manifesta ou latente, por usar un léxico freudiano, esa preocupación, mais talvez o poema do poeta catalán en que esa preocupación pola lingua aparece máis claramente, de forma manifesta, é un pequeno poema –sen datar, mais posterior a 1973, xa que non aparece na edición da poesía completa dese ano– que foi publicado en *Per a la bona gent*, talvez o seu poemario máis comprometido, cando menos nas dúas primeiras partes: “D’una vella i encerclada terra” e “Intencions”. *Per a la bona gent* foi o derradeiro libro de Salvador Espriu, pois se ben xa estaba incluído no volume *Poesía* (Espriu 1973) da obra completa, aparece en 1984 ampliado e cunha pequena nota do autor na que di que é un libro aberto, é dicir, que se poderán engadir novos poemas. Non foi posíbel, o libro apareceu en decembro dese ano e o poeta pagaba o seu, en palabras súas, “vello prezo: a morte” (Espriu 1973: 276). O poema titúlase, non sei se ironicamente, “Per sort de tots nosaltres” (Espriu 1984: 43)

*No t'oblidis del arbre
de l'alta quietud.
Si les arrels asseques,
també te agostas tu.*

*No deixis pas de veure
el camp on has nascut.
A terres més llunyanes
mai no seràs ningú.*

*No defugis de la llengua
dels teus pares, perdut
en falsos brills de somnis:
esdevendries mut.*

Este pequeno poema ten moitas coincidencias, ideolóxicas máis que poéticas, co fragmento 4 (Manuel María 2001: 331-332) de *Poemas para un país de minifundios*, aparecido en 1969, e que de seguro estaba na biblioteca de Salvador Espriu. Eis fragmentos do poema de Manuel María:

*Renunciade á vella lingua
que nos vén de tan lonxe,
tan do fondo, luida con amor
xeneración tras xeneración,
soporte do noso espírito,
flor do noso sentimento,
fonte da que agroma
o cachón potente do pensar.
(...)
Renunciade á vella lingua
que dende séculos vén
mamando o noso pobo
e quedaredes envoltos,
sulagados
na tebra e na impotencia.
Quedaredes mudos,
sin a palabra
que aluma e revela.*

Como que ambos poemas son ben claros, ambos se dirixen a aquel ou aqueles que están a piques de renunciar á súa lingua (aínda que o de Manuel María estea escrito nun plano irónico e o de Espriu nun plano, digamos, de ternura), acho que os seus parecidos non necesitan explicación, e que no fondo ambos poetas saben que non se deben atribuír todas as culpas ao inimigo tradicional. Sería moi cómodo se o fixésemos. A culpa tamén é nosa, e moita culpa, e hai outros culpábeis interferidos.

Por último, e para non alongarnos demasiado, veremos moi por riba as correspondencias e parecidos entre outros dous poemas. O de Espriu aparecido nos anos 40, no seu primeiro libro de poemas, *Cementiri de Sinera*. É un poema que está traducido, en catro ou cinco versións, ao galego, mais darémolo en versión orixinal. É un dos seus poemas máis coñecidos: o fragmento XXV (Espriu 1973: 138)

*A la vora del mar. Tenia
una casa, el meu somni,
a la vora del mar.*

*Alta proa. Per lliures
camins d'aigua, l'esvelta
barca que jo manava.*

*Els ulls saben
tot el repòs i l'ordre
d'una petita pàtria.*

*Com necessito
contar-te la bassarda
que fa la pluja als vidres!
Avui cau nit de fosca
damunt la meva casa.*

*Les roques negres
m'atrauen a naufragi.
Captiu del càntic,
el meu esforç inútil,
qui pot guiarme a l'alba?*

*Ran de la mar tenia
una casa, un lent somni.*

O poema de Manuel María é o fragmento 6 (Manuel María 2001:333-334) tamén de *Versos para un país de minifundios*:

*É urxente. Non hai,
irmaos, tarefa máis
necesaria e urxente:
temos que poñer
a salvo o noso barco,
¡estásenos fundindo
pouco a pouco!
Temos que erguer
de novo a nosa casa,
agora petada pola
choiva; combatida
pola neve, a xistra
e a xeadá; cuberta
de hedras e silvas;
habitada por ratos,
raposos, corvos,
choias, curuxas
e morcegos.
O noso barco vaise
a pique, ¿ónde está
o capitán? ¿Ónde?
A nosa casa esbróase,
¿ónde vai o pai
de familia que deixou
morrer o lume do fogar?*

Vemos motivos e símbolos comúns nos dous poemas: a chuvia, como símbolo de medo, morte e/ou destrución (en Manuel María peta a casa, en Espriu produce “bassarda”, medo, nos cristais). A barca/o barco, que segundo Cirlot pode ser asociado ao espírito dos mortos, mais tamén “vehículo” da existencia (Cirlot 1978: 78). A casa⁴, que aínda que representa en forma de sinécdoque a Cataluña ou a Galiza nun ou outro poeta, tamén evoca, no sentido dunha casa real, lexitimidade e liñaxe, que son fundamentais en ambos poemas. Como escribe John Berger: “Mircea Eliade demostró que la casa, el hogar, era el lugar a partir del cual se podía *fundar* el mundo. El hogar se establecía, según sus palabras, ‘en el corazón de lo real’. En las sociedades tradicionales, todo lo que tenía sentido en el mundo era real; alrededor existía el caos, un caos amenazador porque era *irreal*. Sin un hogar en el centro de lo real, uno estaba no sólo sin cobijo, sino también perdido en el no-ser, en la irrealidad. Sin un hogar todo era pura fragmentación” (Berger 1996: 126-127). Porque, ademais, é a casa do pai, e o pai, elemento civilizador: a representación da autoridade, mais tamén de tradición e a herdanza. (Freud 1968: 184-201) É dicir, o patrimonio simbólico, a débeda cultural (Lacan 1967: 536-538). Nos dous poemas está presente a figura do capitán, do guía que conduce o barco, a barca. Pregunta Manuel María: “¿Onde está o capitán?” e pregúntase Espriu: “Captiu del càntic./ el meu esforç inútil./ qui pot guiar-me a l’alba?” Quen é o capitán de Manuel María, quen pode guiar á alba a Salvador Espriu? Acho, é unha intuición, que no fondo está a homérica figura de Ulises, quen arriba a Itaca por mar, do que a súa casa está á beira. Quen deixou morrer o lume no fogar. Todo isto non quere dicir que Manuel María está influído por Salvador Espriu, nin viceversa. Máis ben, lendo a Manuel María (a súa obra poética do primeiro ao derradeiro libro), dá a impresión que lera e se apropiara case todo. E este todo non se refere aquí só á tradición poética galega, ou galega-portuguesa, para incluírmos a tradición lusa. Esta por descontado e, ademais, a española ou castelá (coas variedades latinoamericanas), a grecolatina, a francesa, a italiana, boa parte da catalá e algunha cousa máis. E é evidente que esta vasta tradición non o obriga nin á cripticidade nin ao que se podería chamar a pedantaría versificada. Aproveítala (porque a aproveita suficientemente) para escribir a *súa* poesía, que é, en boa parte, unha reescritura da anterior e tamén de toda a coetánea que chegou a coñecer, á maneira de Manuel María.

Teño lido, e non lembro quen o dixo, que os poetas eran construtores de pobos. Non sei se é certo. Teño as miñas dúbidas. Mais no caso de Manuel María e de Salvador Espriu o cualificativo sería parcial, xa que ambos poetas se revelan nos seus poemas como apoloxistas e, á vez, defensores da idea mesma da nación.

⁴ Sobre o “a casa”, ver os poemarios de Manuel María *Ritual para unha tribu capital de concello* (1986) e *Sonetos á Casa de Hortas* (1997) (Manuel María 2001)

BIBLIOGRAFÍA

- Berger 1996/ John Berger, *Páginas de la herida*, Madrid, Visor libros, 1996.
- Castellet 1971/ José María Castellet, *Iniciación a la poesía de Salvador Espriu*, Madrid, Taurus Ediciones, 1971.
- Delor 1993/ Rosa M^a Delor, *Salvador Espriu: els anys de aprenentatge (1929-1943)*, Barcelona, Edicions 62, 1993.
- Espriu 1973/ Salvador Espriu, *Obres completes I. Poesia*, Barcelona, Edicions 62, 1973. 2^a edició revisada i ampliada.
- Espriu 1984/ Salvador Espriu, *Per a la bona gent*, Sant Boi de Llobregat, Llibres del Mall, 1984.
- Ferraté/ Joan Ferraté, “Salvador Espriu, entre els lectors i els crítics”, *Serra d’Or*, 110 (15-XI-1968): 77-79 [1967-1969]
- Ferraté/ Joan Ferraté, “Cara i creu de *La pell de Brau*”, *El temps*, 202 (2-V-1988): 72.
- Ferrater 1979/ Gabriel Ferrater, *Sobre literatura*, Barcelona, Edicions 62, 1979.
- Freud 1968/ Sigmund Freud, *Tótem y Tabú*, Madrid, Alianza Editorial, 1968.
- Fuster 1997/ Joan Fuster, *Contra el modernisme*, Barcelona, Editorial Crítica, 1997.
- Fuster 2004/ Joan Fuster, *Dos quaderns inèdits*, introducció i notes Francesc Pérez Moragon, Alzira, Edicions Bromera, 2004.
- Gómez Torres 2001/ Camilo Gómez Torres, *Manuel María: os traballos e os días*, Santiago de Compostela, Edicións Laiovento, 2001.
- Gómez Torres 2005/ Camilo Gómez Torres, *O tempo vital de Manuel María*, Vigo, Edicións A Nosa Terra, 2005.
- Grilli 1983/ Giuseppe Grilli, *Indagacions sobre la modernitat de la literatura catalana*, Barcelona, Edicions, 62, 1983.
- Horkheimer 1973/ Max Horkheimer, *Teoría Crítica*, Barcelona, Barral Editores, 1973.
- Lacan 1967/ Jacques Lacan, *Écrits*, París, Éditions du Seuil, 1967
- Manuel María 2001/ Manuel María, *Obra poética completa I e II*, A Coruña, Espiral Maior, 2001.
- Sòria 2005/ Enric Sòria, *La lentitud del mar. Dietari 1989-1997*, Barcelona, Edicions Proa, 2005.
- Torner 2005/ Carles Torner (Ed.), *Lectures de Salvador Espriu*, Barcelona, Proa Edicions, 2005.